

Área de
CONTRATACIÓN E
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 3.512-341

INFORME-PROPOSTA

ACLARACIÓN Á CUESTIÓN FORMULADA NO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTOS PREVENTIVOS, CORRECTIVOS E REGULAMENTARIOS DOS ELEVADORES, PORTAS AUTOMÁTICAS E PLATAFORMA SALVAESCALEIRAS DOS CENTROS ADSCRITOS Á REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 26 de xaneiro de 2024, a Xunta de Goberno local (en adiante xgl) acordou aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada, dos servizos de mantementos preventivos, correctivos e regulamentarios dos elevadores, portas automáticas e plataforma salvaescaleiras dos centros adscritos á rede de Museos municipais.

Segundo.- O 29 de xaneiro de 2024 publicouse o anuncio no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Terceiro.- Aberto o prazo para a presentación de ofertas, solicitouse aclaración aos pregos o 6 de febreiro de 2024, dentro do prazo sinalado na cláusula 11.3 do prego de cláusulas administrativas particulares -PCAP- (*"As aclaracións e documentación poderán solicitarse, a través do Rexistro xeral, ata 7 días antes da finalización do prazo de presentación de ofertas"*).

Cuarto.- Con data do 9 de febreiro de 2024 o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural emitiu informe en relación coa aclaración solicitada.

II.- ACLARACIÓNS

Reprodúcense a continuación a aclaración solicitada e as súa resposta, de conformidade co informado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural.

- **Pregunta 1:** *"Buenos días, en el PCAP en la pág. 42 hablan de 12 aparatos, sin embargo, en la pág. 1 del PPT mencionan 9 uds. Por favor, ¿nos podrían confirmar cuántas uds. son objeto del contrato? Gracias por anticipado. Un saludo"*

- **Resposta 1:**

"1.- As informacións incluídas no PCAP e no PPT son correctas en ambos casos.

2.- De tal forma, tal e como se especifica no apartado 2.A das FEC do PCAP:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/02/2024 12:51	Páxina 1 de 3
3512-341	CSV: ACA744-A189A7-CEAH23-HUSGF6-9YFR69-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"A) OBXECTO DO CONTRATO: a prestación dos servizos de mantemento preventivo, correctivo e regulamentario de aparellos elevadores, portas automáticas e plataforma salvaescaleiras en centros adscritos á Rede de Museos Municipais, nas instalacións relacionadas na cláusula 2 do PPTP"

3.- A cláusula 2 do PPTP especifica:

"2. ALCANCE.

As instalacións incluídas no obxecto do contrato serán as seguintes:

CASA DAS ARTES: Rúa Policarpo Sanz, 15. 36202 Vigo.

- Equipo elevador.- OTIS, nº pers 10, peso max.750 Kg., nº paradas 6.
- Plataforma salvaescaleiras vertical, modelo Izaro (Nexo-Pev), nº serie AY-0663, 2 paradas, ano 2019. Porta corredera automática, modelo EC2-RD-LH100, nº serie ABY 53, tipo automatismo: Dualcore LH100, ano 2019.

MUSEO MUNICIPAL "QUIÑONES DE LEÓN": Parque de Castrelos, s/n. 36213 Vigo.

- Equipo elevador.- HIDRAL S.A., mod.MH nº13119, peso max 100Kg., nº paradas 2.
- Equipo montaplatos.- Peso max.100Kg. Nº paradas 2.
- Porta de paso automática; ERRECA Automatic Dor

PINACOTECA FFR: R/ Abeleira Menéndez, 8. 36202 Vigo.

- Equipo elevador.- ENOR, nº persoas 25, peso max. 1900Kg., Sistema hidraulico, nº paradas 5.
- Porta de paso automática; GEZE mod. EC drive 2MV nº serie 9000626752

VERBUM: Avda. Samil, 17. 36212 Vigo.

- Equipo elevador.- Kone; nº persoas 15; peso max. 1250 Kg. Sistema hidraulico; nº paradas 4.
- Porta garaxe; enrolable motorizada; peso 200Kg.; dimensións 4390x2250 mm"

4.- A información incluída na páxina 42 do PCAP, apartado 3G das FEC, refírese exclusivamente aos importes unitarios xenéricos de aparatos para o suposto de modificación do contrato".

III.- ÓRGANO COMPETENTE

A competencia para a aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas correspóndelle á concelleira delegada de Contratación por acordo da Xunta de Goberno local de data 22 de xuño de 2023.

IV.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Á vista do exposto, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal a adopción da seguinte resolución:

- **"Aprobar a resposta á cuestión formulada, contida neste informe, respecto do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/02/2024 12:51	Páxina 2 de 3
3512-341	CSV: ACA744-A189A7-CEAH23-HUSGF6-9YFR69-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN E
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 3.512-341

contratación dos servizos de mantementos preventivos, correctivos e regulamentarios dos elevadores, portas automáticas e plataforma salvaescaleiras dos centros adscritos á rede de Museos municipais (3.512-341).

- ***Publicar esta resolución no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público***”.

A técnica de Administración Xeral (sinatura dixital)

A xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos (sinatura dixital)

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE**

Vigo, data segundo sinatura electrónica

A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (Acordo de delegación competencial de data 22 de xuño de 2023) (sinatura dixital)

Dou fe, a secretaria do Goberno Local (sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/02/2024 12:51	Páxina 3 de 3
3512-341	CSV: ACA744-A189A7-CEAH23-HUSGF6-9YFR69-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		